Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 28 DE MAIO DE 2025 | MIÉRCOLES, 28 DE MAYO DE 2025 | BOP NÚMERO 100

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

RP número 24693 de data 23 de maio de 2025 de concesión definitiva do programa FOENAA /2025

ANUNCIO

Referencia : FOENAA 2025

Expediente: 2024000034338

RP número 24693 de data 23 de maio de 2025 de concesión definitiva do programa FOENAA /2025

Por resolución de Presidencia número 2025/24693 de data 23 de maio de 2025 aprobouse a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa de subvencións dirixido a entidades e asociacións empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (FOENAA) co seguinte texto:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2025 (FOENAA)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

PRIMEIRO.- Mediante resolución da Presidencia número 20376 de 25 de abril de 2025, publicada no BOP do 5 de maio de 2025 procedeuse a conceder, de forma provisional, as subvencións da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades e asociacións empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (FOENAA) abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expreso, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

SEGUNDO.- Polos seguintes solicitantes presentáronse alegacións no prazo indicado, baseándose nos motivos que así mesmo se indican:

1.-Alegacións relativas ao coeficiente, solicitando a modificación do mesmo, mediante o seu incremento, preséntanse alegacións polas seguintes entidades:

2025000000690: ASOCIACION CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO

2025000001850: ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMERCIANTES Y TRABAJADORES AUTONOMOS DE RIVEIRA

2025000001822: ASOCIACION RIANXEIRA DE EMPRESARIOS

2025000001813: ASOCIACION BOIRENSE DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES AUTONOMOS

2025000001633: ARTEIXO CENTRO COMERCIAL ABERTO

2025000001356: ASOCIACION DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS NOIA HISTORICA

2025000002196: ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMERCIANTES Y TRABAJADORES AUTONOMOS POBRA DO CARAMIÑAL.

Analizada a documentación aportada polos solicitantes no devandito prazo procede desestimar as alegacións presentadas por estas entidades, xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional e o importe concedido, ao entender que só se efectúa a solicitude dun cambio da porcentaxe, e non está previsto nas Bases reguladoras a modificación do coeficiente de financiamento por parte da Deputación.

Cómpre indicar, ademais, que de acordo ao sinalado na Base 8. 2 das xerais, que "...Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado...".

Número de anuncio 2025/3389

2.- Polo Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, co número de expediente 2025000001754, se alega o seguinte:

Baséase a súa alegación e de forma resumida, en que se indica que non se da explicación da denegación da concesión máis que a reprodución do que sinalan as propias Bases específicas, que a realización das xornadas impulsan o desenvolvemento económico, que en convocatorias anteriores si se concedeu ,e finalmente faise unha comparación co obxecto doutras entidades as que si se lles concede.

Analizada a documentación aportada polo solicitante procede desestimar a alegación presentada xa que entidade presenta unha actividade na que se describen os Encontros, como : realizar os seguintes actos, agrupados baixo esta denominación de XI Encontros: - Gala de Entrega de Medallas ao Mérito Colexial de Galicia na que, ademais de entregar estes galardóns, a colexiados de recoñecido prestixio, tamén se levan a cabo as seguintes actividades: o Recepción dos novos enxeñeiros de camiños que entran a formar parte da Demarcación de Galicia o Entrega de insignias aos colexiados de Demarcación que cumpren 25 anos de profesión.

A actividade concrétase, entre outras, na concesión de medallas aos membros pertencentes ao propio Colexio, recepción de novos colexiados, entrega de insignias,o que se estima que non ten proxección económica a nivel provincial, senón que redunda no beneficio da propia entidade.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

3.- Pola entidade CECAP Galicia, Asociación Galega de empresas de formación, alégase, resumidamente:

-Que as actividades propostas non constitúen cursos de formación, e que son encontros destinados á promoción económica das empresas de formación mediante, entre outros "...o fomento da colaboración entre centros de formación...o debate sobre a calidade da oferta educativa..innovación...", e conclúen (literalmente) :

"...A revisión da denegación da solicitude á vista de que: - A actividade encaixa plenamente na categoría de xornadas e seminarios vinculados á promoción económica. - Non constitúe actividade formativa excluída, senón accións de dinamización sectorial e territorial. - Cumpre o criterio de localización provincial e de interese colectivo. - A súa exclusión responde a unha interpretación excesivamente restritiva das bases"..

Reitérase o sinalado na concesión provisional que "a actividade solicitada non está dentro dos obxectivos da convocatoria". Da memoria e os conceptos do gasto solicitados resulta que a actividade subvencionada son actividades formativas ,que non é unha actividade subvencionable de acordo ao sinalado nas Bases específicas da convocatoria, que sinala en concreto, as seguintes: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos,revistas, guías, etc). Ademáis a base 4.2.- Gastos excluídos das específicas contempla como un dos gastos non subvencionables os gastos derivados dos cursos de formación.

No orzamento inclúense gastos de contratación de monitores, docentes e sinálase expresamente que tense previsto levar a cabo unhas xornadas informativas/encontros/conferencias dirixidos aos directores, docentes e persoal dos centros de formación tanto asociados como centros que estean interesados en participar **na promoción da importancia de estar actualizados os traballadores das súas empresas e velar pola calidade da oferta educativa dos centros de formación de Galicia.**

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

4.-Sen tratarse de reformulacións, nin cambios de obxecto, estímanse as seguintes modificacións presentadas:

Pola entidade Asociación de Xóvenes Empresarios de a Coruña, solicitáronse modificación do número dalgunha das actividades descritas na memoira inicialmente presentada, xa que non produce alteración nin da propia actividade nin o orzamento da mesma.

Pola entidade Colegio Oficial da Enxenaría Técnicos Forestales de Galicia, detállase a substitución de persoal adscrito ao proxecto sen cambio no orzamento nin nos conceptos do gasto, polo que estímase a aclaración.

Pola entidade Camara de Comercio Industria e Navegación, estímase subsanada a documentación requirida pola Fiscalización

Vistos o informe da Sección de Promoción Económica e Emprego e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas polas entidades indicadas no punto SEGUNDO, números 1, 2 e 3 dos Antecedentes polos motivos que así mesmo se indican.

Número de anuncio 2025/3389

Segundo.- Aprobar a concesión das subvencións incluídas as modificacións,as reformulacións correspondentes ao programa *de subvencións dirixido a entidades e asociacións empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025,* seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ARTEIXO CENTRO COMERCIAL ABERTO **NIF:** G15700818 **Cod. Exp.**:2025000001633 **Obxecto:** Desenvolvemento de accións integradas para dinamizar o comercio, a hostalaría e as pequenas empresas de Arteixo, fortalecendo o tecido económico local e fomentando a conexión coa comunidade.	13.900,00€	0,3972	34.992,95€
Beneficiario: ASOC PUNTO COMPOSTELA CCA **NIF:** G70571971 **Cod. Exp.**:2025000002107 **Obxecto:** O obxecto da solicitude é o apoio ao comercio local a través de actividades de promoción, difusión e animación de comercio local	27.966,27€	0,8000	34.957,84€
Beneficiario: ASOC.CLUSTER GALLEGO INDUSTR.Y SERV.APOYO AL DESARROLLO ENERG.RENOVABLES Y SOSTENIBILIDAD ENERGETICA **NIF:** G70284120 **Cod. Exp.**:2025000001727 **Obxecto:** I SEMINARIO SOBRE O SECTOR ENERXÉTICO NA PROVINCIA DA CORUÑA (ENERCOR 2025)	20.400,00€	0,8000	25.500,00€
Beneficiario: ASOCIACION BOIRENSE DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES AUTONOMOS **NIF:** G15326820 **Cod. Exp.**:2025000001813 **Obxecto:** ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO	11.700,00€	0,4500	26.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO **NIF:** G15852148 **Cod. Exp.**:2025000000690 **Obxecto:** Actividades 2025 CCA Carballo	15.750,00€	0,4500	35.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION CENTRO DE INICIATIVAS TURISTICAS ECONOMICAS E SOCIAIS DE FERROL **NIF:** G70605811 **Cod. Exp.**:2025000000121 **Obxecto:** VI EDICIÓN DE FERROL, CIDADE ABERTA AO MUNDO DAS EXPRESIÓNS.	27.000,00€	0,7743	34.870,00€
Beneficiario: ASOCIACION CENTRO DE INICIATIVAS TURISTICAS,ECONOMICAS E SOCIAIS DE GALICIA **NIF:** G09844549 **Cod. Exp.**:2024000051574 **Obxecto:** III EDICIÓN DE SABORES DA CORUÑA	24.000,00€	0,7668	31.300,00€
Beneficiario: ASOCIACION COMERCIANTES DE TEIXEIRO **NIF:** G70428206 **Cod. Exp.**:2025000001683 **Obxecto:** MERCADO DA FESTA DO COGUMELO E CAMPAÑA DE NADAL	25.600,00€	0,8000	32.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION COMERCIANTES HOSTALEIROS E EMPRESARIOS PONTESES **NIF:** G15155641 **Cod. Exp.**:2025000001875 **Obxecto:** SEMINARIO MOTIVACIONAL “CLAVES DO ÉXITO EMPRESARIAL II”	8.000,00€	0,8000	10.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION COMERCIANTES SERVIZOS E HOSTALERI SOMOS RIANXO **NIF:** G16748634 **Cod. Exp.**:2025000001233 **Obxecto:** OBTER O FINANCIAMENTO NECESARIO PARA LEVAR A CABO ACTIVIDADES QUE IMPULSEN O COMERCIO LOCAL	13.040,00€	0,8000	16.300,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE COMERCIANTES DE CURTIS **NIF:** G70397872 **Cod. Exp.**:2025000001436 **Obxecto:** CAMPAÑA DO DÍA DO PAI, DA NAI E DE NADAL	15.200,00€	0,8000	19.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS NOIA HISTORICA **NIF:** G15871189 **Cod. Exp.**:2025000001356 **Obxecto:** DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DE NOIA	14.400,00€	0,4500	32.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS DE LA COMARCA DE ORDES ACORDES **NIF:** G15909104 **Cod. Exp.**:2025000001828 **Obxecto:** PROMOCIO ECONOMICA DO TECIDO EMPRESARIAL DE ORDES	11.280,00€	0,8000	14.100,00€

Número de anuncio 2025/3389

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO **NIF:** G15153869 **Cod. Exp.**:2025000002164 **Obxecto:** CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DO COMERCIO DE BETANZOS	15.000,00€	0,4286	35.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS ABESAI **NIF:** G70610894 **Cod. Exp.**:2025000002162 **Obxecto:** CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO COMERCIO NA ÁREA DE INFLUENCIA DE ABESAI	6.800,00€	0,8000	8.500,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMERCIANTES Y TRABAJADORES AUTONOMOS DE RIVEIRA **NIF:** G15045594 **Cod. Exp.**:2025000001850 **Obxecto:** CAMPAÑAS DE DINAMIZACION DO COMERCIO E A HOSTALERÍA	10.065,46€	0,4000	25.163,65€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMERCIANTES Y TRABAJADORES AUTONOMOS POBRA DO CARAMIÑAL **NIF:** G15158199 **Cod. Exp.**:2025000002196 **Obxecto:** Mellora da competitividade do comercio local mediante actividades de dinamización 2025	7.200,00€	0,4500	16.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE AGRELA **NIF:** G15032634 **Cod. Exp.**:2025000001658 **Obxecto:** PROMOVER AGRELA COMO ÁREA COMERCIAL E DAR A COÑECER AS SÚAS EMPRESAS	6.080,00€	0,8000	7.600,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE HOSTELERIA FERROL Y COMARCA **NIF:** G15092513 **Cod. Exp.**:2025000001818 **Obxecto:** XORNADAS E DINAMIZACION DA HOSTALERÍA	22.400,00€	0,8000	28.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE HOSTELERIA PROVINCIA A CORUÑA **NIF:** G15083215 **Cod. Exp.**:2025000002187 **Obxecto:** DINAMIZACIÓN, DIXITALIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DA HOSTALERÍA	8.244,40€	0,7000	11.777,72€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CENTRO COMERCIAL ABERTO COMPOSTELA MONUMENTAL **NIF:** G15382468 **Cod. Exp.**:2025000001248 **Obxecto:** PLAN DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL E FOMENTO DO EMPREGO FEMININO NO COMERCIO 2025	15.400,00€	0,4400	35.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE **NIF:** G15246093 **Cod. Exp.**:2025000001825 **Obxecto:** DESEÑO, EDICIÓN E DISTRIBUCIÓN DO XORNAL CERNE	28.000,00€	0,8000	35.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESAS DE INSERCION DE GALICIA **NIF:** G32369506 **Cod. Exp.**:2025000001767 **Obxecto:** Fomentar unha economía máis inclusiva e sostible na provincia da Coruña mediante accións de promoción, sensibilización e colaboración entre as Empresas de Inserción e o tecido empresarial e a cidadanía	8.393,42€	0,8000	10.491,78€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESAS GALEGAS DE SOFTWARE LIBRE **NIF:** G70128194 **Cod. Exp.**:2025000001860 **Obxecto:** Xornada de Innovación e Software para o Comercio e a Hostalaría.	9.056,13€	0,8000	11.320,17€
Beneficiario: ASOCIACION DE FESTEJOS POPULARES **NIF:** G15375199 **Cod. Exp.**:2025000001093 **Obxecto:** EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA 2025	20.000,00€	0,5714	35.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE JOVENES EMPRESARIOS DE A CORUÑA **NIF:** G15581259 **Cod. Exp.**:2025000001482 **Obxecto:** Programa Reinicia dirixido a emprendedores e a empresas na provincia da Coruña, promovendo a súa innovación, sostenibilidade e competitividade mediante formación, networking e recursos estratéxicos.	28.000,00€	0,8000	35.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE JOVENES EMPRESARIOS DE FERROL, EUME Y ORTEGAL **NIF:** G15912520 **Cod. Exp.**:2025000002083 **Obxecto:** ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA 2025	15.507,00€	0,8000	19.384,00€

Número de anuncio 2025/3389

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION DE PALILLEIRAS AS NEMANQUIÑAS DE VIMIANZO **NIF:** G15518301 **Cod. Exp.**:2024000051261 **Obxecto:** XUNTANZA DE PALILLEIRAS	6.080,00€	0,8000	7.600,00€
Beneficiario: ASOCIACION DISTRITO MALLOS **NIF:** G15590961 **Cod. Exp.**:2025000001866 **Obxecto:** Asociación Distrito Mallos: Actividades de promoción económica, durante o ano 2025	17.483,99€	0,5000	34.967,99€
Beneficiario: ASOCIACION EMPRESARIOS DE SANTA COMBA **NIF:** G15551104 **Cod. Exp.**:2025000001483 **Obxecto:** ACTIVIDADES E CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DO COMERCIO E HOSTALERÍA LOCAL	19.200,00€	0,7974	24.079,25€
Beneficiario: ASOCIACION EM-REDE **NIF:** G70213830 **Cod. Exp.**:2025000002245 **Obxecto:** ACTIVIDADES DE PROMOCION ECONOMICA POLA ASOCIACION EMREDE	6.283,27€	0,8000	7.854,09€
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE APICULTURA **NIF:** G15077282 **Cod. Exp.**:2025000001478 **Obxecto:** Celebración da Xuntanza Abelleira 2025 e 40ª Mostra galega de apicultura	14.976,00€	0,8000	18.720,00€
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS **NIF:** G15128275 **Cod. Exp.**:2025000001785 **Obxecto:** Organización e xestión da segunda edición da FAN, Feira de Artesanía do Nadal no 2025-26 en A Coruña	28.000,00€	0,8000	35.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION GALICIA DESIGN **NIF:** G10838407 **Cod. Exp.**:2025000002137 **Obxecto:** GALICIA DESIGN WEEK 2025	5.000,00€	0,2000	25.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION I'TICS **NIF:** G16839375 **Cod. Exp.**:2025000001117 **Obxecto:** WEDDINGPACK SOLIDARIO CÁSATE NO CAMIÑO. O EVENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, INCLUSIVO E ACCESIBLE DOS SECTORES DE VODAS DA PROVINCIA DA CORUÑA. ASOCIACION I'TICS	27.073,42€	0,7854	34.470,87€
Beneficiario: ASOCIACION OLEIRA DE BUÑO **NIF:** G15635980 **Cod. Exp.**:2025000001799 **Obxecto:** A PROMOCION DOS INTERESES ECONOMICOS, SOCIAIS, PROFESIONAIS E CULTURAIS DA OLERIA DE BUÑO	15.520,00€	0,8000	19.400,00€
Beneficiario: ASOCIACION PARA A PROMOCION E CELEBRACION DE FEIRAS **NIF:** G13721832 **Cod. Exp.**:2025000001368 **Obxecto:** CURTIS NA LEMBRANZA. AS FEIRAS DO 1900: AS ROMARÍAS	16.800,00€	0,8000	21.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION PARA RECUPERACION E DEFENSA,PRODUCCION E PROMOCION DA GALIÑA PIÑEIRA **NIF:** G70145586 **Cod. Exp.**:2025000000930 **Obxecto:** Monográficos de Galiña Piñeira 2025	6.000,00€	0,8000	7.500,00€
Beneficiario: ASOCIACION REDE DE ECONOMIA ALTERNATIVA E SOLIDARIA DE GALICIA (REAS-GALICIA) **NIF:** G15957673 **Cod. Exp.**:2025000002046 **Obxecto:** Economía Social e Solidaria: impulsando un desenvolvemento sostible e responsable na provincia da Coruña.	27.800,00€	0,7951	34.966,00€
Beneficiario: ASOCIACION RIANXEIRA DE EMPRESARIOS **NIF:** G15260979 **Cod. Exp.**:2025000001822 **Obxecto:** Actividades de promoción e dinamización comercial	7.650,00€	0,4500	17.000,00€
Beneficiario: ASOCIACION XOVENES EMPRESARIOS BERGANTIÑOS **NIF:** G15394760 **Cod. Exp.**:2025000002104 **Obxecto:** PULO DE EMPREGO E COMERCIO Ó SECTOR DO AUTOMÓBIL NA COMARCA DE BERGANTIÑOS	15.457,50€	0,4500	34.350,00€

Número de anuncio 2025/3389

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACION A CORUÑA **NIF:** Q1573002A **Cod. Exp.**:2024000051332 **Obxecto:** XII EXPORPYMES, evento de promoción de exportaciones	28.000,00€	0,8000	35.000,00€
Beneficiario: CLUB DE EMPRESARIOS Y EJECUTIVOS DE GALICIA **NIF:** G70609656 **Cod. Exp.**:2025000002090 **Obxecto:** Presentación do proxecto Encontros Directivos Nordés para o programa FOENAA 2025	12.336,00€	0,8000	15.420,00€
Beneficiario: COLEGIO DE INGENIEROS NAVALES Y OCEANICOS **NIF:** Q2870003G **Cod. Exp.**:2025000002208 **Obxecto:** Promoción e divulgación de actividades de enxeñería naval e campos afíns en Galicia	11.900,00€	0,7998	14.878,70€
Beneficiario: COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA **NIF:** Q1570003B **Cod. Exp.**:2025000001777 **Obxecto:** Desenvolvemento da XI Gala de Premios Galicia Industria e Enerxía 2025	25.500,00€	0,7551	33.770,00€
Beneficiario: COLEGIO OFICIAL DE LA INGENIERIA TECNICA FORESTAL DE GALICIA **NIF:** Q6550034J **Cod. Exp.**:2025000001514 **Obxecto:** ACTIVIDADES DE IMPULSO Á PROMOCIÓN ECONÓMICA E FOMENTO DO EMPREGO - COETFG 2025	17.612,60€	0,8000	22.015,75€
Beneficiario: COLEXIO PROFESIONAL XORNALISTAS DE GALICIA **NIF:** Q1500262I **Cod. Exp.**:2025000001675 **Obxecto:** XORNADAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NA COMUNICACIÓN EMPRESARIAL	12.041,70€	0,8000	15.052,13€
Beneficiario: CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA EUME Y ORTEGAL **NIF:** G70199112 **Cod. Exp.**:2025000000640 **Obxecto:** ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN 2025	10.900,00€	0,8000	13.625,00€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE XOVES EMPRESARIOS **NIF:** G27390566 **Cod. Exp.**:2025000002235 **Obxecto:** Promover e impulsar a iniciativa empresarial e emprendedora a través de diversas actividades, apoiamos, formamos, premiamos e axudamos a empresas e autónomos a que poidan mellorar os seus negocios, fomentando a igualdade de oportunidades.	7.000,00€	0,2000	35.000,00€
Beneficiario: ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE FERROL **NIF:** Q1563002C **Cod. Exp.**:2025000002044 **Obxecto:** CELEBRACIÓN DO III SEMINARIO DE DEREITO LABORAL E DA SEGURIDADE SOCIAL DO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL	8.000,00€	0,8000	10.000,00€
Beneficiario: UNION DE COMERCIANTES E AUTONOMOS EUMESES **NIF:** G15577752 **Cod. Exp.**:2025000002232 **Obxecto:** Actividades de fomento, impulso e dinamización do pequeno comercio e a hostalería local da comarca eumesa no ano 2025	6.640,00€	0,8000	8.300,00€
Beneficiario: UNION LEITEIRA GALEGA **NIF:** G70303219 **Cod. Exp.**:2025000001626 **Obxecto:** Xornadas de dixitalización da información nas explotacións leiteiras: O caderno dixital	27.088,25€	0,7800	34.728,52€

Número de solicitudes concedidas: 52

Total concedido 808.725,41€

Terceiro.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Cuarto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo

Número de anuncio 2025/3389

incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Quinto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: *0510/4142/481*, fase A, referencia número *22025000258*, operación número 220250000223, importe: 808.725,41 €

Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

Sexto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao programa de subvencións dirixido a entidades e asociacións empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 (FOENAA), as entidades sen ánimo de lucro seguintes polos motivos que se indican:

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: ASOCIACION DE VECIÑOS DE LAMAS-AMEIXENDA **NIF:** G02746311 **Cod. Exp.**:2025000001945 **Obxecto:** Obras de mellora do abastecemento de augas, cercado perimetral e limpeza de fincas que rodean o depósito de augas.	É unha entidade excluída (asociacións veciñais)recollida na Base 3.Solicitantes . Entidades Excluídas, das específicas da convocatoria (BOP número 235 do xoves, 5 de decembro de 2024). O obxecto solicitado non está contemplado na Base 2 das específicas. Solicítase para un investimento e esta é unha convocatoria para actividades de promoción económica.
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL ORIXES DA MONTAÑA **NIF:** G15923790 **Cod. Exp.**:2025000001912 **Obxecto:** CELEBRACION DA "XII FEIRA DOS OFICIOS DA MONTAÑA", E XORNADAS DE ARTESANIA	Logo de ver os seus estatutos non é unha entidade que cumpra o requisito establecido na Base 5.- Entidades solicitantes, das específicas da convocatoria , que exclúe as asociacións culturais. Non é unha entidade que cumpra o requisito establecido na Base 5.- Entidades solicitantes, das específicas da convocatoria xa que a entidade non forma parte dos ámbitos previstos: non é un colexio profesional, nin unha entidade asociativa representativa dalgún sector profesional, comercial ou empresarial nin unha cámara de comercio.
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CENTRO COMERCIAL ABERTO COMPOSTELA MONUMENTAL **NIF:** G15382468 **Cod. Exp.**:2024000051168 **Obxecto:** PLAN DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL E FOMENTO DO EMPREGO FEMININO NO COMERCIO 2025	Presentáronse dúas solicitudes e, segundo a Base 6 das Xerais da reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, "no caso de presentación de varias solcitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores". Esta presentouse coa data e hora :24/12/2024 17:47 e a que se considera correcta presentouse o 14/01/2025 10:17
Beneficiario: ASOCIACION MULLERES AUTONOMAS RURAIS DE GALICIA **NIF:** G70507488 **Cod. Exp.**:2025000001923 **Obxecto:** TRANSFORMACIÓN, COMERCIALIZACIÓN E MARQUETING DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS AUTÓCTONOS.	Da memoria e os conceptos do gasto solicitados resulta que a actividade subvencionada son actividades formativas , que non é unha actividade subvencionable de acordo ao sinalado nas Bases específicas da convocatoria, que sinala en concreto, as seguintes: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos,revistas, guías, etc). Además a base 4.2.- Gastos excluídos das específicas contempla como un dos gastos non subvencionables os gastos derivados dos cursos de formación.
Beneficiario: ASOCIACION PUNTOGAL **NIF:** G70065107 **Cod. Exp.**:2025000001314 **Obxecto:** Ciclo de concienciación para empresas. O produto local na rede: presenza segura para profesionais e comercios	Da memoria e os conceptos do gasto solicitados resulta que a actividade subvencionada son actividades formativas , que non é unha actividade subvencionable de acordo ao sinalado nas Bases específicas da convocatoria, que sinala en concreto, as seguintes: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos,revistas, guías, etc). Además a base 4.2.- Gastos excluídos das específicas contempla como un dos gastos non subvencionables os gastos derivados dos cursos de formación.
Beneficiario: ASOCIACION TRAINERS FOR THE FUTURE **NIF:** G70517388 **Cod. Exp.**:2025000002134 **Obxecto:** Xornadas de emprego para profesionais do sector da formación	De acordo ao sinalado na Base 2.3 das específicas da convocatoria " as actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025, e na memoria presentada pola entidade, indícase respecto ao calendario de realización que " a Celebración: sábado 17 de diciembre de 2022 (presencialmente) y del 19 al 22 de diciembre online".

Número de anuncio 2025/3389

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: CECAP GALICIA, ASOCIACION GALEGA DE EMPRESAS DE FORMACION **NIF:** G15299027 **Cod. Exp.**:2025000002139 **Obxecto:** XORNADAS INFORMATIVAS/ENCONTROS/CONFERENCIAS	Da memoria e os conceptos do gasto solicitados resulta que a actividade subvencionada son actividades formativas , que non é unha actividade subvencionable de acordo ao sinalado nas Bases específicas da convocatoria, que sinala en concreto, as seguintes: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos,revistas, guías, etc). Además a base 4.2.- Gastos excluídos das específicas contempla como un dos gastos non subvencionables os gastos derivados dos cursos de formación.
Beneficiario: COLEGIO DE INGENIEROS DE CAMINOS,CANALES Y PUERTOS **NIF:** Q2867009I **Cod. Exp.**:2025000001754 **Obxecto:** XI Encontros da Enxeñería de Camiños, Canais e Portos	O obxecto da solicitude non é unha actividade subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo as Bases específicas da convocatoria o obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte das entidades que forman parte dos seguintes ámbitos: Colexios profesionais, entidades asociativas e federativas representativas dalgún sector profesional, comercial ou empresarial e cámaras de comercio. Actividades a subvencionar: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: COLEGIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIALES DE GALICIA **NIF:** Q1569016G **Cod. Exp.**:2025000002172 **Obxecto:** Realización dunha xornada para presentar un estudo sobre os datos das condicións laborais das/os profesionais do Traballo Social en Galicia	O obxecto da solicitude non é unha actividade subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo as Bases específicas da convocatoria o obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte das entidades que forman parte dos seguintes ámbitos: Colexios profesionais, entidades asociativas e federativas representativas dalgún sector profesional, comercial ou empresarial e cámaras de comercio. Actividades a subvencionar: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: UNION PROFESIONAL DE GALICIA **NIF:** G15440258 **Cod. Exp.**:2025000002171 **Obxecto:** Subvención das Xornadas de Innovación Tecnolóxica y Profesional de Unión Profesional de Galicia	Da memoria e os conceptos do gasto solicitados resulta que a actividade subvencionada é analizar e discutir a influencias real que as novas tecnoloxías vai ter no desenvolvemento das distintas profesións e como xa na actualidade o seu uso e difusión están a modificar a nosa actividade laboral. , que non é unha actividade subvencionable de acordo ao sinalado nas Bases específicas da convocatoria, que sinala en concreto, as seguintes: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos,revistas, guías, etc). O obxecto desta é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego,o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución.

Número de anuncio 2025/3389

Sétimo.- Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

En A Coruña, a 26 de maio de 2025

O Presidente — Valentín González Formoso

O Secretario xeral, — Miguel Iglesias Martínez

2025/3389